

“Ter de castiñeiro”. Sen patróns.

Artigo de Ana Romaní sobre a obra de María Mariño



Consello da Cultura Galega
Sección de Filosofía e Pensamento
Comisión Técnica de Xénero

“TER DE CASTIÑEIRO”. SEN PATRÓNS.

Ana Romaní

Morde a palabra. Como un clamor. Distinta.

A súa obra poética non admite patróns, tampouco os precisa. Resístese ás medidas, aos pactos, ás pautas. Nós, lector*s, a quen ningunha voz destes poemas reclama, entramos e deixámonos perder en arquitectura tan fascinante. Insólita.

Revolta que se abre. Porque nada hai pechado nesta obra poética, non hai clausura, ábrenos tódalas portas, sen xerarquías, sen eficacias, sen solución. Seguramente non hai lector*s, nós tamén estamos fóra. E aínda así, sentímonos dentro. Ela non nos presupón, saboreamos esa liberdade.

Identidade como proceso. A súa aniquilación, a súa procura. Palabra no Tempo e Verba que comeza configúranse en sustento que nutre vivencia tan radical. No límite

A escrita. A conciencia do poema, da palabra, da linguaxe, a súa rigorosa transgresión para ser. Necesidade e creación. Sen débedas.

Meda.Mallega. Sol migado

A tensión dos poemas de Verba que comeza adentrarnos nun ámbito de forzas que tiran e puxan dos vértices dunha interioridade abismada e extrema

Rebelión e indagación da voz, do ser na palabra, pero os materiais cos que se elabora son distintos, son outros, porque ela está fóra, ex(-)céntrica. Non hai lugar para a compracencia, o proceso non admite áreas de descanso. É radical, ousado. Como escribir.

Insuficiencia. Na súa contemporaneidade a lingua como insuficiencia, o eu multiplicado. “*Son a suma total*”(…) “*Multiplicada xa nacín, ¿para que dividirme agora?*” Esa heterodoxia.

*MiÑ*a nai. A pobreza. “*Como zoa o vento, como zoa chamándome probe! /!Como rinchan as vigas chamándome probe! /!Como bailan os cristales nas ventanas inseguras chamándome probe!*”

O silencio dos poemas de María Mariño.